



Denominación do título	Máster Universitario en Xestión Sostible da Auga
Campus	Campus de Elviña - A Coruña
Centro de adscrición	ETS de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos
Coordinador/a	Jorge José Delgado Martín jorge.delgado@udc.es 881011429
Universidades e outros organismos participantes	Interuniversitario. Participan as seguintes universidades: <ul style="list-style-type: none">• Universidade de A Coruña• Universidade de Santiago de Compostela• Universidade de Vigo
Créditos	90 créditos - Modalidade presencial
Idiomas de impartición	Español/Galego
Páxina web	https://estudios.udc.es/gl/study/detail/4549V01 https://caminos.udc.es/hosting/web/index.php/grados-2/

PRAZAS OFERTADAS PARA A UNIVERSIDADE DA CORUÑA

10 prazas.

REQUISITOS DE ACCESO E ADMISIÓN

Requisitos xerais:

1. Persoas solicitantes con títulos universitarios de sistemas educativos do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES):

- [Declaración responsable sobre cumprimento de requisitos e veracidade de copias achegadas.](#)
- DNI ou pasaporte, en vigor.
- Título que da acceso ao Máster ou certificación supletoria provisional ou documento equivalente (solicitud de expedición de título oficial).



- Certificación académica ou SET no que conste a nota media do expediente calculada segundo o RD 1125/2003 de 5 de setembro.
- As persoas solicitantes con títulos que non sexan do sistema universitario español, deben presentar ademais unha [declaración de equivalencia da nota media do expediente académico universitario realizado en centros estranxeiros](#)
- Os documentos expedidos nunha lingua diferente ao castelán deberán vir acompañados da súa [tradución oficial](#) ao castelán ou galego.
- As persoas solicitantes de países do EEES non membros da UE ou asinantes do acordo sobre o Espazo Económico Europeo deberán presentar a [documentación legalizada](#).

2. Persoas solicitantes con títulos universitarios de sistemas educativos alleos o EEES:

- [Declaración responsable sobre cumprimento de requisitos e veracidade de copias achegadas](#).
- DNI o pasaporte, en vigor.
- Título que dá acceso aos estudos de Máster debidamente [legalizado](#).
- Certificado expedido por unha autoridade competente que exprese que o título que posúe faculta, no país expedidor deste, para o acceso a ensinanzas de Máster ou de Posgrao.
- Certificación académica dos estudos realizados debidamente [legalizada](#), na que conste:
 - o A duración oficial en cursos académicos/semestres/etc.
 - o As materias cursadas.
 - o A carga lectiva de cada materia (horas ou créditos).
 - o A cualificación e a escala de cualificacións.
- [Declaración de equivalencia da nota media do expediente académico universitario realizado en centros estranxeiros](#)
- Os documentos expedidos nunha lingua diferente ao castelán deberán vir acompañados da súa [tradución oficial](#) ao castelán ou galego.



Requisitos específicos:

- Este máster está dirixido principalmente a profesionais do ámbito da xestión da auga e a titulados/as da rama de enxeñaría e de ciencias.
- As titulacións que dan acceso ao máster de maneira prioritaria son os graos en enxeñaría do mapa de titulacións da universidade española ou equivalentes do Espazo Europeo de Ensinanza Superior. En especial, está dirixido aos titulados en graos do campo da enxeñaría civil, enxeñaría química, e enxeñaría de minas e da enerxía. Tamén se considerarán titulacións de fora do EEES asimilables a estas últimas.
- Para os titulados que proveñan doutros graos universitarios de ciencias, consideraranse complementos formativos ata un total de 18 créditos de formación previa, a definir en cada caso pola comisión Académica Interuniversitaria do Máster (CAI). Estes créditos adicionais poderanse cursar de maneira simultánea, pero a súa superación será, en calquera caso, de carácter obrigatorio para a obtención do título.

Idiomas:

- O estudiantado procedente de países con idioma oficial distinto do español ou portugués deberá presentar un certificado oficial que acredite, como mínimo, un nivel B1 de coñecemento de **español**.

INFORMACIÓN COMPLEMENTARIA

Prioridade nas titulacións de acceso:

A preferencia ou prioridade de admisión dependerá do COLECTIVO DE ACCESO ao que se pertenza. Os colectivos de acceso preséntanse a continuación, ordenados de maior a menor, en base a súa prioridade de acceso. Dentro de cada colectivo, as solicitudes de admisión ordenaranse en base ao expediente académico. En caso de non cubrirse as prazas ofertadas coas solicitudes do colectivo A, valorarase a admisión das do Colectivo B e, por último, as do Colectivo C e D.

- COLECTIVO A. Estudiantado en posesión de titulación de acceso prioritario. Algunhas das titulacións prioritarias coas que se quere xerar sinerxías son: o Grao en enxeñaría de Obras Públicas e o Grao en Tecnoloxías da Enxeñaría Civil da UDC; o Grao en enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos, o Grao en Enxeñaría da Enerxía, o Grao en Enxeñaría Química Industrial e o Grao en Ciencias Ambientais da UVIGO; o Grao en Enxeñaría Química, o Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais



e o Grao en Enxeñaría Civil da USC; o Máster en Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos da UDC e o Máster en Biotecnoloxía Avanzada da UDC e UVIGO, o Máster Internacional en Enxeñaría da Auga da UDC coa Hochschule Magdeburg-Stendal (Alemania); o Máster Universitario en Enxeñaría Ambiental e o Máster Universitario en Enxeñaría Química e Bioprocesos da USC; o Máster en Enxeñaría de Minas da UVIGO. Para os titulados/as do colectivo A que proveñan de graos universitarios de ciencias, a comisión Académica Interuniversitaria do Máster valorará se deben cursar complementos formativos — entre 0 e 18 ECTS—, a definir en cada caso.

A CAI reservase o dereito de incorporar no colectivo A titulacións non especificadas anteriormente, en base a análise das solicitudes recibidas.

- COLECTIVO B. Estudantado en posesión de titulación do ámbito da enxeñaría ou das ciencias, afín, pero de non acceso prioritario. A CAI establecerá os complementos formativos (entre 0 e 18 ECTS) a cursar en cada caso, en base ao grao de afinidade da titulación de acceso co programa formativo do máster.
- COLECTIVO C. Estudantado en posesión de titulación do ámbito da enxeñaría ou das ciencias, non afín. A CAI valorará a posibilidade de admisión e, no seu caso, establecerá os complementos formativos (entre 0 e 18 ECTS) a cursar, en base ao grao de afinidade da titulación de acceso co programa formativo do máster.
- COLECTIVO D. Estudantado en posesión doutras titulacións. A CAI valorará a posibilidade de admisión e, no seu caso, establecerá os complementos formativos (entre 0 e 18 ECTS) a cursar, en base ao grao de afinidade da titulación de acceso co programa formativo do máster.

Dentro de cada colectivo, tamén se valorará a afinidade de titulacións do EEES e de fora do EEES asimilables.

A CAI, co apoio e asesoramento dos servizos administrativos competentes, valorará se cumpren os requisitos de acceso e establecerá, de estimarse necesario, os complementos de formación, que poderán oscilar entre 0 e 18 ECTS.

Criterios de admisión:

Os baremos para o procedemento de admisión basearanse nos seguintes aspectos:

1. Adecuación da titulación de acceso aos contidos do máster
2. Expediente académico

O primeiro dos criterios é excluínte, de modo que os candidatos para os que se estableza a non adecuación do título de acceso quedarán excluídos. Para os que sexan admitidos valorarase a adecuación da titulación de acceso. Para outras titulacións, será a Comisión



Académica Interuniversitaria do Máster a que, tras analizar os expedientes, establecerá se se lles pode admitir e que complementos de formación terán que cursar.

Requisitos xerais da documentación:

- Debe ser oficial e expedida polas autoridades competentes.
- Se a documentación está nun idioma distinto ao galego ou castelán deben acompañala da tradución oficial que deberá facela un/unha profesional da tradución xurada, español/a ou autorizado/a no país de orixe polo Consulado Español. Máis información aquí.
- Non será necesaria a tradución oficial cando sexan redactados en lingua inglesa, francesa, portuguesa ou italiana, nestes casos é suficiente coa tradución realizada pola persoa interesada, se houber discrepancia, prevalecerá a tradución feita pola UDC.
 - o No suposto da documentación traducida deben presentar copias dos:
 - documentos orixinais sen traducir (sen o selo do tradutor)
 - documentos orixinais traducidos (co selo do tradutor)
- Todos os documentos serán copias compulsadas.
- Se na preinscrición presentan copias simples, ao efectuar a matrícula deben presentar os orixinais para a súa compulsa.
- A comisión do Máster pode solicitar máis documentación.

Legalización de documentos:

Os documentos académicos expedidos no estranxeiro (títulos e certificacións académicas) deben presentalos legalizados, pola vía diplomática, ou mediante a Apostila da Haia.

Para legalizalos por vía diplomática deben presentalos nos seguintes organismos:

- Ministerio de Educación do país onde se expediran os documentos.
- Ministerio de Asuntos Exteriores do país onde se expediran os documentos.
- Representación diplomática ou consular de España nese país.

Para legalizar os documentos expedidos por países asinantes do Convenio da Haia, haberá que presentalos no:

- Ministerio de Educación do país onde se expediran os documentos.



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

- Ministerio de Asuntos Exteriores ou ministerio correspondente do país onde se expediran los documentos.